

Resumo anual da actividade de 2017 da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Neste documento queremos recoller a actividade máis importante que desenvolveu a Xunta de Goberno do COPG ao longo deste ano e que fomos adiantando nos distintos soportes de comunicación do COPG.

Cómpre sinalar que boa parte deste traballo institucional se fai en estreita colaboración coas seccións de Psicoloxía Educativa, Psicoloxía e Saúde, Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, o Grupo de Tráfico e da Seguridade, a Comisión Intersectorial de Mediación e a de Xénero, a Comisión de Psicoloxía do Deporte, a Comisión de Ética e Deontoloxía, a Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo. Trátase dun avance de toda a información que se recollerá puntualmente na Memoria Anual de 2017 do COPG.

1. Colaboración coas Administracións Públicas

1.1. Coa Xunta de Galicia

Coa Consellería de Sanidade

A decana do COPG e o presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde reuníronse con representantes da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para abordar distintas cuestións de interese para a psicoloxía na sanidade pública, especialmente da necesidade de incorporar servizos de psicoloxía clínica a atención primaria, unha cuestión que se está a facer en moitas outras Comunidades Autónomas e na que Galicia, unha vez máis, está a quedar atrás. Tamén se asistiron a xuntanzas sobre o proxecto de elaboración do plan Galego de Saúde Mental e participouse xunto con representantes doutros colexios profesionais a un encontro para coñecer sobre o anteprojecto que modifica a Lei de Saúde de Galicia, un anteprojecto que solicitamos a súa retirada polos cambios legislativos que propón. Para este Colexio é imprescindible que se deseñe e se poña en marcha un Plan Galego Estratéxico de Saúde mental e incorporar a profesionais da psicoloxía clínica nos servizos hospitalarios específicos de oncoloxía, neuroloxía, cuidados paliativos, atención temperá, xerontoloxía, etc., pero tamén e moi especialmente, na Atención Primaria. Así mesmo, demandamos consolidar e reforzar a intervención psicolóxica

tanto na prevención como no tratamento no eido das drogodependencias.

Tamén tivo lugar o exame da Oferta Pública de Emprego para 3 prazas da especialidade de psicoloxía clínica, unha OPE que desde a Xunta de Goberno do COPG criticamos por insuficiente a todas luces. Esiximos que cando menos se convoquen 26 prazas para equipararnos ao resto do Estado e poder atender as necesidades mínimas na atención especializada en psicoloxía clínica nas Unidades de Saúde Mental. Cómpre sacar unha Oferta Pública de Emprego ambiciosa que nos equipare ás sociedades desenvolvidas e que reduza uns tempos de espera interconsulta intolerables.

Coa Consellería de Educación

Con motivo das negociacións para chegar a un Pacto de Estado pola Educación que se está a tramitar no Congreso dos Deputados, trasladóuselle ao Conselleiro de Educación a necesidade de incorporar a psicoloxía educativa en todos os centros de ensino de educación infantil, primaria e secundaria, para que apoie aos colexios de psicoloxía nesta reivindicación.

Así mesmo, mantívose unha xuntanza con deputadas e deputados galegos de todos os partidos con representación na cámara parlamentaria galega (PP, PSOE, EN MAREA e BNG), así como dos principais sindicatos (CIG, Comisións Obreiras e UXT) para trasladarlle esta mesma mensaxe, a necesidade de incorporar a figura do psicólogo ou psicóloga educativa nos centros de ensino públicos, tanto de educación primaria como secundaria. Trátase dun perfil profesional moi completo e importante para traballar cuestións como os trastornos da aprendizaxe, o acoso escolar, o fracaso escolar, trastornos alimentarios, violencia de xénero, educación afectivosexual, igualdade, etc. Deberanse formar equipos multidisciplinares nos Servizos de Apoio Educativo.

Por outra banda, unha vez que se tivo coñecemento de que se estaban a denegar solicitudes da máis recente convocatoria das Becas para o Alumnado con Necesidades Específicas que convoca o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ao esixir que o alumnado que presentaba TDAH se indicase que tal trastorno era derivado dunha discapacidade ou dun trastorno grave de conduta. Ao ser o TDAH un trastorno con entidade propia, non pode esixirse tal asunto cuestión, co que argumentamos a través dun escrito coa colaboración da Sección de Psicoloxía Educativa, que o alumnado con TDAH diagnosticado como grave entre a formar parte dos nenos e nenas beneficiarias destas becas.

Previamente, a primeiros de ano contactouse coa Consellería de Educación con relación á anterior convocatoria destas mesmas becas, ao ter coñecemento de que en Galicia, por parte das delegacións provinciais que xestionan estas becas viñan denegadas as firmadas por psicólogos e psicólogas, uns criterios que estaban recollidos na convocatoria orixinal pero que xa foran subsanados a través dunhas circulares do Ministerio, tras terse presentado un recurso ás mesmas desde o Consejo General de la Psicología. Nesta última convocatoria, xa se incluía o perfil do psicólogo ou psicóloga como un dos recoñecidos para impartir as becas.

Coa Consellería de Política Social

Continuamos participando a través do Consello Galego do Benestar a través da Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

Con respecto aos convenios de mediación intraxudicial:

Un ano máis, vimos de asinar, con moita tardanza, os convenios de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o COPG e os Colexios de Avogados de Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Ferrol para o desenvolvemento dos Programas de Mediación Familiar Intraxudicial gratuíta nestas cidades.

Así, conformouse unha quenda que na actualidade está conformada por 14 mediadores e mediadoras que exercen en quendas nas catro sedes (Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Ferrol).

Coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior renovouse o convenio para o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, o GIPCE, e nas negociacións para 2017 demandouse un incremento da partida asignada, xa que o GIPCE asume a atención psicolóxica en situacións de emerxencias as 24 horas do día os 365 días do ano. Cómpre sinalar que se duplicou a dotación económica deste convenio, o que é unha boa nova, xa que era unha contía insuficiente.

Coa Secretaría Xeral de Igualdade renovamos un ano máis os convenios para os programas de atención psicolóxica especializada en violencia de xénero, o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa "Abramos o Círculo".

Neste ano, o orzamento foi superior ao inicial de 2016, quedando igualado ao total xunto coa addenda que se aprobou a final de ano. Pero como en anos anteriores, neste ano 2017 ambos programas esgotaron o crédito moito antes de rematar o ano. Chegados a esta situación, desde o Colexio puxémonos en contacto tanto coa Secretaría Xeral de Igualdade como coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para solicitar unha ampliación do orzamento establecido no Convenio para que as e os terapeutas puidesen seguir traballando e atendendo as vítimas, da que estamos á espera de resultados. Sabemos que este aumento do gasto en atención psicolóxica se debe ao maior número de casos que chegan a ambos Programas. Desde a Xunta de Goberno do COPG seguiremos na procura dunha mellora económica no Convenio que esperamos no ano 2018 poña fin a esta situación e a demanda de que a atención psicolóxica estea na rede pública.

Por outra banda, o COPG continúa a integrar o Observatorio Galego da Violencia de Xénero no que están realizando un Protocolo de coordinación institucional fronte á violencia de xénero para a Comunidade Autónoma de Galicia, ao que enviamos as nosas achegas.

Coa Dirección Xeral de Xustiza renovouse a colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio para os programas de intervención psicolóxica para condutores e condutoras reincidentes en infraccións de tráfico e da seguridade viaria (Psicovial e Xornadas de Concienciación).

Tamén se asinou un convenio coa Dirección Xeral de Xustiza e o Colexio de Traballo Social de Galicia, á petición da Xunta de Galicia e con carácter de urxencia, para a asistencia na emisión de informes periciais psicosociais co fin de diminuír o retraso existente que tanto estaba a prexudicar as persoas afectadas, dilatando os procesos xudiciais. Trátase dun convenio para este momento puntual e extínguese o 31 de decembro, sen que vaia renovarse. Os equipos psicosociais do IMELGA foron reforzados recentemente con prazas convocadas desde a Xunta de Galicia, o que viña a ser demandado desde esta Xunta de Goberno desde hai tempo e agardamos que con este apoio puntual o persoal poida desempeñar o seu labor sen soportar un atraso tan grande.

Ademais, asinamos outro convenio para dar saída a unha vella demanda deste Colexio. Trátase das Oficinas de Atención á Vítima, creadas hai máis dunha década, pero que non contaban con asistencia psicolóxica, tal e como recoñecía a lexislación. Este é un convenio para o Programa de apoio e asistencia psicolóxica especializada ás vítimas nas oficinas de atención á vítima e ao cidadán existentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Se ben o COPG reclamaba as prazas públicas estables, accedeu a este convenio dado que desde o goberno autonómico se nos comunicou que era imposible crealas nestes momentos. Esta é unha situación puntual que deberá conducir a unhas prazas consolidadas na rede pública.

Coa Secretaría Xeral de Deporte mantivemos unha xuntanza para dar a coñecer a Comisión de Psicoloxía de Deporte e buscar posibles liñas de colaboración, especialmente para que a psicoloxía se integre na Comisión Galega de Control da Violencia.

Coa Consellería de Traballo

Continuouse co traballo conxunto co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, co que mantemos un convenio de colaboración.

1.2 A nivel municipal

Continuamos coa colaboración coa **Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)**.

No marco do convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) reeditamos o cartaz co "Decálogo de Concellos #PoloBoTrato" que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero.

Co Concello de Santiago de Compostela colaboramos en distintos eidos.

a) Por unha banda, coa Concellaría de Políticas Sociais, Saúde e Diversidade:

- Xunto co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela presentamos o protocolo municipal para as persoas que afrontan situacións de desafiuzamentos.

- Nesta liña, renovamos un convenio para colaborar na implantación dun protocolo municipal de actuación para a prevención de desafiuzamentos e a atención das persoas afectadas polos mesmos. Trátase dun programa piloto multidisciplinar no que participarán, ademais de profesionais da avogacía, psicólogas e psicólogos do ámbito da intervención social e comunitaria.

- Participamos no Consello Municipal da Saúde.

- Continuamos a participar nunha mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito, na que se tenta redefinir a regulación actual das axudas municipais de emerxencia e de inclusión social.

b) Co Concello de Santiago de Compostela tamén, pero neste caso coa Concellería de Igualdade, Promoción Económica e Turismo, cooperamos en distintas cuestións:

- Por una banda, participando no "Foro da Innovación para o Emprego" (FIE) celebrado no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela, organizado pola Axencia Local de Colocación da Concellaría de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

- Por outra banda, participamos un ano máis na campaña "Compostela en negro", para amosar o noso compromiso coa loita contra a violencia de xénero.

- Tamén estamos a participar nunha mesa para o deseño do IV Plan de Igualdade do Concello.

c) Coa Concellería de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, participamos a través do Pacto Local de Mobilidade. Abordamos temas de seguridade, educación viaria, os camiños para escolares, e estudamos posibilidades de colaboración entre ambas as institucións.

En varios municipios galegos foi demandada a nosa colaboración para impartir formación e divulgar formación sobre violencia de xénero e igualdade.

2. Relacións con outras entidades

2.1. O COPG e Consejo General de la Psicología

- A decana asistiu ás distintas reunións de Junta de Gobierno e de Junta General do Consejo General de la Psicología.
- Participación nas distintas áreas e divisións a través das persoas representantes.
- En relación coas acreditacións profesionais que está a poñer en marcha o Consejo:

Algúns colexios do Estado estaban acreditando nalgunhas áreas con distintos criterios, polo que o Consejo acordou poñer en marcha estas acreditacións cuns criterios homoxéneos para todo o Estado. Decidiuse que cada COP pode facer estas acreditacións segundo este modelo homoxéneo e que se emita unha certificación desde o Consejo. O COPG acordou valorar na nosa sede e constituír comisións de valoracións que estean formadas por representantes da área, secretario da Xunta de Gobierno e un membro da Xunta de Gobierno.

Xa están dispoñibles as acreditacións en:

- psicólogo/a experto en psicoloxía deportiva,
- psicólogo/a experto en psicooncoloxía e/ou en coidados paliativos,
- psicólogo/a experto en psicoloxía aeronáutica,
- psicólogo/a experto en psicoloxía de emerxencias e catástrofes,
- psicólogo/a experto en neuropsicoloxía clínica.

A respecto desta última, produciuse un cambio nos requisitos esixidos que se acordou na Junta de Gobierno do Consejo no mes de abril, en concreto:

"A habilitación sanitaria non sexa un requisito imprescindible para solicitar a Acreditación Nacional do Psicólogo Experto en Neuropsicoloxía Clínica para os/as estudantes que puidesen cursar o Máster; si será precisa para os/as profesionais que estean a exercer".

Debido a esta modificación, a Xunta de Gobierno do COPG e tras consensualo coa Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde, acorda non constituír o comité de

valoración da Acreditación de Psicólogo/a Experto/a en Neuropsicoloxía Clínica e derivar as solicitudes á Comisión Estatal, por desacordo con este cambio.

Por outra banda, e a través do Consejo, participamos na demanda pola regulación da nosa profesión, así como para ordenar o itinerario formativo, considerando que a maior garantía profesional é o itinerario Grao-Máster-PIR, así como apostar por outros máster (psicoloxía educativa, psicoloxía da intervención social). É unha necesidade urxente a ordenación da profesión.

- Participouse no III Congreso Nacional de Psicoloxía, que se celebrou do 3 ao 7 de xullo en Oviedo, baixo o título "Psicología para una sociedad avanzada. Logros y retos", con preto de 1500 congresistas e con representación do COPG, ademais da presentación de varias comunicacións libres. Tamén houbo representación do COPG na IV Convención do Consejo, baixo o lema "Una ciencia, una profesión".

2.2. Con outros colexios profesionais

- Mantemos unha colaboración co de Educadores e Educadoras Sociais e co de Traballo Social, cos que conformamos o Espazo Dialoga. A primeiros de ano mantivemos unha xuntanza de cara a reflexionar sobre a situación dos servizos sociais en Galicia.

- Continúa a colaboración co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, co que creamos un grupo de traballo conxunto coa nosa Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo para estudar os límites entre o dereito á información e o impacto psicolóxico naquelas informacións que implican un gran sufrimento para as vítimas. Esta colaboración deu lugar a un documento, Informa_DOR, que foi presentado publicamente en outubro, cunha serie de recomendacións para o colectivo de profesionais dos medios de comunicación. Ademais, vén de divulgarse un estudo que elaboramos en conxunto sobre a exposición aos riscos psicosociais do colectivo de xornalistas. Trátase dun estudo de carácter preliminar co fin de divulgar a importancia de realizar este tipo de avaliacións nas organizacións e que contén unha serie de recomendacións de prácticas para mellorar a saúde laboral a partir dos resultados extraídos.

2.3. Unión Profesional de Galicia

Formamos parte de Unión Profesional de Galicia, que agrupa 44 colexios e representa a máis de 65.000 profesionais. Desde 2016 a decana exerce a vicepresidencia da súa xunta directiva e

tamén é a representante de Unión Profesional no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Como cada ano, elaborou unha guía de peritos que se distribúe en todos os xulgados galegos, na que tamén se inclúe os nosos psicólogos e psicólogas que forman parte da listaxe de periciais.

Tamén creou unha Comisión de Intrusismo, da que o COPG forma parte e que recentemente organizou unha xornada na que debatemos sobre esta cuestión desde a perspectiva dos colexios profesionais. Esiximos á consellería competente da Xunta de Galicia que actúe con decisión contra o intrusismo, dado que a psicoloxía é unha das profesións que se ve gravemente afectada por estas prácticas.

2.4. Universidade de Santiago de Compostela.

Mantemos tamén a colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, máis estreitamente coa Facultade de Psicoloxía.

Un ano máis, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG impartiu o Módulo de Ética e Deontoloxía para o alumnado de Practicum de 4º curso de Grao de Psicoloxía no marco dun convenio asinado polo COPG coa Facultade de Psicoloxía da USC.

2.5. Outras entidades:

- Formamos parte do Movemento Galego da Saúde Mental, unha plataforma respaldada por máis de 400 entidades, profesionais e usuarios e usuarias da Saúde Mental.
- Ordem dos psicólogos portugueses: tivemos unha xuntanza na que se acordou colaborar no vindeiro Congreso Nacional de Psicoloxía que organiza a Ordem e que contará con importante representación galega no programa científico así como con condicións moi vantaxosas para os nosos colexiados e colexiadas. Este congreso celebrarase en Braga en setembro do ano que vén. Tamén acudimos ao III Encontro Luso-Hispano, que organiza a Ordem e o Consejo General de la Psicología, celebrado en Évora (Portugal).
- FAGAL (Federación de Alzheimer de Galicia), participando nun Grupo de Traballo sobre demencias.
- Federación de Autismo de Galicia, colaborando coa campaña do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo.
- FEAFES, colaborando coa campaña do Día Mundial da Saúde Mental.

- Rede Galega de Loita contra a Pobreza.
- Mantemos convenios de colaboración coa Fundación Meniños e coa Federación Galega de Dano Cerebral, FEGADACE.
- Colaboramos tamén coa Fundación Andrea de Apoio aos nenos e nenas con enfermidades de longa duración, crónicas e terminais, así como con Agacam (Asociación Galega contra o Acoso) e Asociación Arela, para divulgar o programa Convive.Comigo vida en familia para adolescentes.

3. Actuacións contra o intrusismo profesional:

Desde 2015 funciona no COPG a Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo, no que se iniciaron 31 expedientes por intrusismo profesional.

4. IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero

Este ano o COPG organizou as IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a violencia de Xénero, que promove o Consejo General de la Psicología. Contou cunha asistencia de máis de 300 persoas e foi un importante encontro profesional para todos e todas as profesionais que actúan no eido da loita contra a violencia machista. Esta edición levou por título "Abrindo o foco. A violencia de xénero, un problema con rostros" e pretendeu facer fincapé en que a problemática da violencia machista vai máis alá da muller que a sofre, xa que as súas repercusións son evidentes sobre a súa contorna (fillos e fillas, outros familiares, amigos, etc.).

5. Alegacións e achegas

1. Presentamos un recurso de reposición contra as bases para o proceso de selección para un Educador/a no Boletín Oficial da Coruña.
2. Solicitamos ao presidente da Xunta de Galicia que o proxecto de contratación do persoal investigador de Galicia se paralice ata que se resolvan as súas deficiencias.
3. Presentamos achegas ao Protocolo de coordinación e colaboración institucional para a Comunidade Autónoma de Galicia do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, que foron incorporadas.

4. Tamén apoiamos o proxecto europeo PROVI, de subvencións para proxectos internacionais que melloren os dereitos das persoas sospeitosas ou acusadas de delitos e os dereitos das vítimas dos delitos, xa que pode reforzar a capacidade dos servizos de apoio psicolóxico e social, para soste adecuadamente e responder as necesidades das vítimas de delitos e evitar o risco de revitimización.

6. Campaña 25N

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizamos e participamos en diversas actividades co gallo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra a Muller, que se conmemora este 25 de novembro. En primeiro lugar, difundimos un anos máis unha declaración institucional na que se instaba a ampliar o foco e visibilizar outros rostros que sofren o impacto da violencia machista. Así mesmo, exhibiuse na sede do Colexio a exposición “A violencia de xénero dille non”.

Participamos na campaña Compostela en Negro, que organiza o Concello de Santiago de Compostela e reeditamos a campaña Polo Bo Trato coa Fegamp e convocouse o concurso de cartaces Pola Igualdade, dirixida a mozos e mozas de 3º e 4º da ESO organizado pola Comisión Intersectorial de Xénero.

7. Achegas da psicoloxía

Na súa novena edición, entregamos o galardón Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade á Fundación Andrea, en recoñecemento ao importante labor que veñen desenvolvendo pola infancia en Galicia, apoiando as familias de nenos e nenas que padecen enfermidades longas ou crónicas. Previamente, tivo lugar unha conferencia dun psicólogo do Programa de Protección Aldeas Infantiles SOS sobre a resiliencia nos menores.

No Achegas tamén se entregou a distinción de Colexiado de Honra a Manel Filgueira Lois, G-0002, co que se pretendeu enxalzar a dedicación e significar as súas moitas achegas ao desenvolvemento da nosa profesión. Tamén se entregou un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levaban 25 anos de vida colexial.

8. Estado da colexiación

A día de hoxe somos 2.919 colexiados e colexiadas ordinarias, 4 colexiados asociados e asociadas e 18 xubilados e xubiladas.

9. Bolsas de axuda á formación

Este ano tamén puxemos en marcha as axudas á formación para colexiados e colexiadas en desemprego: catro bolsas completas en cada curso de formación organizado polo Colexio.

10. Lema

O lema aprobado en Xunta de Goberno para 2018 é "COPG Patrimonio Común", co que queremos manifestar a importancia de ter un colexio forte como casa común, como recoñecemento profesional, como representación colectiva. Un lugar de encontro, para compartir, para medrar como profesionais, para construír e desenvolver a profesión e para exercer a forza desde a psicoloxía para transformar a sociedade na procura do ben común. O punto de partida no que reafirmarnos con orgullo na nosa identidade de psicólogos e psicólogas.

11. Comunicación pública

Ao longo do ano difundíronse diferentes manifestos:

- Día Internacional de toma de conciencia do abuso e do maltrato na vellez.
- Día Internacional da Muller.
- Día Internacional pola Erradicación da Violencia contra a Muller
- Condena dos asasinatos machistas cometidos en Galicia.

No referente ás relacións cos medios de comunicación, foron difundidos máis cincuenta notas de prensa e comunicados. Ademais, requiriuse a participación de profesionais de psicoloxía en preto de 150 ocasións este ano, nas que se trataron temas moi diversos, sendo a violencia de xénero, problemas de saúde mental e tráfico os tres ámbitos máis demandados.

Tamén convocamos a décima edición do Concurso Rosa de Cen Follas, de creación literaria.